

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE E NOVE DE XUÑO DE DOUS MIL QUINCE: - - - - -

**PRESIDENTE:**

D. Gonzalo Gonzalo Pita

**CONCELLEIROS/AS:**

- D<sup>a</sup> Vanessa Rodríguez Búa
- D. José Daniel Fernández Piñeiro
- D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez
- D. David Otero Domínguez
- D<sup>a</sup> Sandra Fernández Agraso
- D. Maximino González Miniño
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Coral González-Haba Pérez
- D. Roberto Carlos Agís Balboa
- D. Telmo Martín González
- D. Juan Antonio Deza Otero
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Paz Lago Martínez
- D. Rafael Domínguez Piñeiro
- D<sup>a</sup> María Deza Martínez
- D. Marcos Guisasola Padín
- D<sup>a</sup> Silvia Freire Fernández

**NON ASISTEN:**

- D. Alfonso Rea Pérez
- D. José-Juan Vidal Vilanova (INTERVENTOR)

**SECRETARIO :**

D. Ángel Luís López Pita.

=====

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e nove de xuño de dous mil quince, **baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. GONZALO GONZALO PITA**, reuníronse os/as Sres/as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----

O Sr. **Martín González**, voceiro do **Grupo Municipal do Partido Popular**, desculpou a ausencia do Sr. **Rea Pérez** por encontrarse convalecente.

**1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O DÍA 13 DE XUÑO DE 2015.** Polo Sr. **Presidente** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación á acta que se somete a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbase a referenciada acta por unanimidade dos membros presentes do Pleno da Corporación.**-----

**2º) POSTA EN COÑECEMENTO DO PLENO DOS ESCRITOS DE CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS.** O Sr. **Secretario** deu lectura aos escritos de constitución e composición dos grupos municipais, quedando a Corporación Municipal de Sanxenxo estruturada nos seguintes grupos políticos municipais:

**\*\* GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR: D. Telmo Martín González, D. Juan Antonio Deza Otero, Dª Mª Paz Lago Martínez, D. Rafael Domínguez Piñeiro, Dª María Deza Martínez (1ª viceportavoz), D. Marcos Guisasola Padín (3º viceportavoz), Dª Silvia Freire Fernández (2ª viceportavoz) e D. Alfonso Rea Pérez.**

**\*\* GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL: D. Gonzalo Gonzalo Pita, Dª Vanesa Rodríguez Búa (portavoz), D. José Daniel Fernández Piñeiro (portavoz suplente) e Jesús Joaquín Sueiro Méndez (portavoz suplente).**

**\*\* GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO: D. David Otero Domínguez (portavoz), Dª Sandra Fernández Agraso (portavoz suplente) e D. Maximino González Miniño (portavoz suplente).**

**\*\* GRUPO MUNICIPAL MIXTO: Dª Mª Del Coral González-Haba Pérez (voceira durante os dous primeiros anos do mandato electoral e D. Roberto Carlos Agís Balboa (voceiro suplente). Pasado este tempo, inverterase a orde e pasará a ser Roberto Carlos Agís Balboa, voceiro e Mª del Coral González-Haba Pérez, suplente**

O Pleno da Corporación Municipal de Sanxenxo quedou enterado da constitución dos grupos políticos municipais anteriormente transcritos.-----

**3º) POSTA EN COÑECEMENTO DO PLENO DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 17 DE XUÑO DE 2015 RELATIVO Á CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL; NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE; DELEGACIÓNS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL; DELEGACIÓNS EN MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E CONCELLEIROS/AS.** O Sr. **Secretario** dá lectura ao seguinte decreto da **Alcaldía**:

“De conformidade co disposto nos artigos 20.1b), 21 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, nos artigos 61 e 65.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de

Galicia, nos art. 43 a 45, 46.1, 52, 53, 114 ao 118 e 112.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e art. 14 do Regulamento Orgánico Municipal **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** nomear **membros da Xunta de Goberno Local** aos seguintes concelleiros/as:

- **VANESA RODRÍGUEZ BÚA.**
- **JOSÉ DANIEL FERNÁNDEZ PIÑEIRO.**
- **DAVID OTERO DOMÍNGUEZ.**
- **Mª DEL CORAL GONZÁLEZ-HABA PÉREZ.**
- **ROBERTO CARLOS AGÍS BALBOA.**

**SEGUNDO:** a Xunta de Goberno Local realizará sesión ordinaria os **venres**, con **periodicidade quincenal**, ás **09:00 horas**.

**TERCEIRO:** nomear **Tenentes de Alcalde do Concello de Sanxenxo** aos seguintes concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local:

- 1º Tenente de alcalde: D. DAVID OTERO DOMÍNGUEZ.**
- 2º Tenente de alcalde: Dª VANESA RODRÍGUEZ BÚA.**
- 3º Tenente de alcalde: Dª Mª DEL CORAL GONZÁLEZ-HABA PÉREZ.**
- 4º Tenente de alcalde: D. ROBERTO CARLOS AGÍS BALBOA.**
- 5º Tenente de alcalde: D. JOSÉ DANIEL FERNÁNDEZ PIÑEIRO.**

**CUARTO:** delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións sen prexuízo de asumilas directamente en calquera momento:

- a) *Resolución solicitudes de autorizacións e renovacións de postos de venda ambulante en mercadillos.*
- b) *A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.*
- c) *Tramitación e adxudicación dos servizos de tempada de verán nas praias do municipio.*

**QUINTO:** delegar en favor dos **tenentes de alcalde**, membros da Xunta de Goberno Local, que a continuación se citan, as atribucións da alcaldía nas seguintes áreas:

- **D. DAVID OTERO DOMÍNGUEZ: desenvolvemento económico, emprego e facenda.**
- **Dª VANESA RODRÍGUEZ BÚA: persoal e seguridade cidadá.**
- **Dª Mª DEL CORAL GONZÁLEZ-HABA PÉREZ: medio ambiente e contorno rural.**
- **D. ROBERTO CARLOS AGÍS BALBOA: cultura, festexos e xuventude.**
- **D. JOSÉ DANIEL FERNÁNDEZ PIÑEIRO: xestión e planificación urbanística e infraestruturas.**

**SEXTO:** realizar en favor dos **concelleiros/as** que a continuación se citan as **delegacións especiais** respecto das atribucións da alcaldía nas seguintes materias:

- **D. JESUS JOAQUIN SUEIRO MÉNDEZ: turismo, comercio e deportes.**
- **D. MAXIMINO GONZÁLEZ MINIÑO: servizos, mantemento, patrimonio e participación cidadá.**
- **Dª SANDRA FERNÁNDEZ AGRASO: benestar social, educación e normalización lingüística.**

**SÉTIMO:** delegar en favor do **1º tenente de alcalde, D. David Otero Domínguez**, a sinatura dos vistos e prace á sinatura do secretario nas certificacións de empadramento e dos datos dos padróns municipais de IBI, Urbana-Rústica, IAE, IVTM e taxas municipais, sen prexuízo de asumila directamente en calquera momento.

**OITAVO:** estas delegacións non inclúen a facultade de ditar actos administrativos e, a alcaldía, en calquera

momento, poderá asumir as atribucións delegadas nesta Resolución sen prexuízo de súa avocación conforme a lexislación de procedemento administrativo común.

**NOVENO:** estas delegacións requiren para a súa efectividade a aceptación por parte dos seus destinatarios, entendéndose aceptada tacitamente se no prazo de tres días hábiles contados desde a notificación da resolución, o destinatario da delegación non fixera constar expresamente ante a alcaldía a non aceptación da delegación.

**DÉCIMO:** da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que realice, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, e se publicará no "Boletín Oficial da Provincia", sen prexuízo de súa efectividade dende o día seguinte ao da súa sinatura."

O Pleno da Corporación Municipal de Sanxenxo quedou enterado da resolución da **Alcaldía** anteriormente transcrita.-----

**4º) POSTA EN COÑECEMENTO DO PLENO DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 17 DE XUÑO DE 2015 SOBRE DESIGNACIÓN DE MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DO OA "TERRA DE SANXENXO".** O Sr. Secretario dá lectura ao seguinte decreto da **Alcaldía**:

"O artigo 7.2 parágrafo 1º dos estatutos aprobados en sesión plenaria do 27 de xaneiro de 2004 e publicados no BOP de 4 de maio de 2004, dispón que:

"O Consello de Administración estará integrado por un Presidente, que será o Sr. Alcalde e os concelleiros delegados de facenda, turismo, educación, cultura, deporte, medio ambiente e servizos sociais, todos eles designados pola Alcaldía."

Esta alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, **resolve:**

**PRIMEIRO:** designar como membros do **Consello de Administración do O. A. "Terra de Sanxenxo"** aos seguintes concelleiros:

- **D. DAVID OTERO DOMÍNGUEZ**, concelleiro de desenvolvemento económico, emprego e facenda.
- **D. JESÚS JOAQUÍN SUEIRO MÉNDEZ**, concelleiro de turismo, comercio e deportes.
- **Dª SANDRA FERNÁNDEZ AGRASO**, concelleira de benestar social, educación e normalización lingüística.
- **D. ROBERTO CARLOS AGÍS BALBOA**, concelleiro de cultura, festexos e xuventude.
- **Dª Mª DEL CORAL GONZÁLEZ-HABA PÉREZ**, concelleira de medio ambiente e contorno rural.

Deste xeito, o consello de administración quedará constituído polos membros anteriormente citados baixo a presidencia desta alcaldía, non facéndose uso por parte desta alcaldía da posibilidade de nomeamento de máis membros prevista no art. 7.2. parágrafo 2º dos devanditos estatutos.

**SEGUNDO:** dese conta desta resolución ao Concello Pleno na primeira sesión que realice e notifíquese aos interesados/as."

O Pleno da Corporación Municipal de Sanxenxo quedou enterado da resolución da **Alcaldía** anteriormente transcrita.-----

**5º) DESIGNACIÓN DOS REPRESENTANTES DO CONCELLO DE SANXENXO NA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS.** O Sr. Secretario explicou que, á parte do **Alcalde**, os representantes do Concello de Sanxenxo na Xunta da Mancomunidade do Salnés eran dous que, de conformidade co disposto no art. 4 dos estatutos deste ente supramunicipal, deberían elixirse polo

Pleno en votación única, votando cada concelleiro/a a un só candidato, podendo presentarse como tal todos os membros da Corporación Municipal.

De seguido anunciaron a súa candidatura **D. Marcos Guisasola Padín e D<sup>a</sup> Sandra Fernández Agraso.**

A continuación procedeuse á votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**-D. Marcos Guisasola Padín: 7 votos (Grupo Municipal do Partido Popular).**

**-D<sup>a</sup> Sandra Fernández Agraso: 9 votos (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).**

En consecuencia, á parte do Alcalde, **D. Gonzalo Gonzalo Pita**, representarán ao Concello de Sanxenxo na Xunta da Mancomunidade do Salnés, **D. Marcos Guisasola Padín e D<sup>a</sup> Sandra Fernández Agraso.**-----

#### **6º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN. O Sr. Secretario dá lectura á seguinte proposta da Alcaldía:**

“De acordo co disposto no artigo 210.2.a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia en relación á periodicidade das sesións do Concello Pleno en relación co artigo 38.a) do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**ÚNICO:** as **sesións ordinarias** do **Concello Pleno** realizaranse o **último luns** dos meses de **xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro** ás  **vinte horas e trinta minutos.**”

O **Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, indicou que votarán a favor da proposta, pero que non lle parecía normal que non houbera unha xunta de portavoces para falar dos temas desta sesión, considerando non correcto o tratamento que se lle estaba dando ao seu grupo, cando era a primeira vez que o grupo maioritario da Corporación estaba na oposición. O interviniente dixo que o regulamento actual databa do 2009 e era necesario modificalo para conseguir máis transparencia, o que supoñería tres meses de tramitación, agardando que para o mes de setembro se puidese presentar un novo regulamento.

O **Sr. Presidente** aludiu a que o regulamento foi aprobado cos votos do Partido Popular no ano 2009 e a que non ía haber problemas de transparencia, algo que votou en falta na anterior lexislatura.

O **Sr. Martín González** sinalou que co regulamento actual o seu grupo non ten a representación que lle corresponde nas comisións, posto que só teñen un membro nas mesmas.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, manifestou que lles reclamaban sobre algo que non fixeron e recordou que non había xunta de portavoces porque o goberno anterior do Partido Popular non quixo, engadindo que o

regulamento é mellorable, pero que foron os votos do partido na oposición os que o aprobaron.

Ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, na que, **por unanimidade dos membros presentes do Pleno da Corporación, resultou aprobada nos termos antes transcritos.**-----

## **7º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CREACIÓN DE COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.** O **Sr. Secretario** dá lectura á seguinte proposta da **Alcaldía**:

“Considerando adecuada a existencia de tres comisións informativas, esta alcaldía propón ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Crear as Comisións Informativas Permanentes que se relacionan a continuación, facendo constar que, de conformidade co artigo 16 do Regulamento Orgánico Municipal, estarán integradas por un compoñente de cada grupo político municipal ademais da presidencia que recaerá na alcaldía, que a súa vez poderá delegala en calquera dos membros da comisión:

**Comisión informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio.**

**Comisión informativa de Urbanismo.**

**Comisión informativa de Asuntos Xerais.**

A adscrición concreta a cada comisión en representación de cada grupo político, realizarase mediante escrito do/a voceiro/a correspondente dirixido á alcaldía do que se dará conta ao Pleno na seguinte sesión.”

O **Sr. Presidente** precisou que se mantiñan as mesmas comisións que na anterior lexislatura.

O **Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, destacou que se propoñían as comisións obrigadas pola lei e a súa vez propuxo, independentemente das anteriores, a creación dunha serie de comisións especiais por áreas, coincidentes co ámbito das delegacións da Alcaldía, para que os asuntos do concello puidesen discutirse adecuadamente, engadindo que, se se tiña en conta esta proposta, votarían a favor neste punto da orde do día.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, recordou que as comisións que pedía agora o anterior interviniente, tal vez por cuestións económicas, non existían ni na anterior etapa súa neste concello, considerando que eran moitas, non tendo nada que ver o número coa participación e a transparencia.

O **Sr. Martín González** anunciou que os oito concelleiros do **Grupo Municipal do Partido Popular** renunciaran a todo tipo de remuneración e explicou que querían ter estas comisións para poder estruturar mellor o traballo, o que iría en beneficio dos veciños.

O **Sr. Otero Domínguez** aludiu a que o proposto polo anterior interviniente non se aplicou na etapa en que foi Alcalde, polo que non resultaba creíble, engadindo que o concello será transparente.

O **Sr. Presidente** dixo que on voceiro do **Grupo Municipal do Partido Popular** non era quen de dar leccións de transparencia, recordou que había as mesmas comisións que na anterior corporación, que a Comisión de Asuntos Xerais irán as cuestións que non poidan levarse as outras dúas e que daba igual o número de comisións, o importante é que fosen transparentes.

Ao non producirse mais intervencións o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 9 votos (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 0.**

**Votos pola Abstención: 7 votos (Grupo Municipal do Partido Popular).**

En consecuencia o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, aprobou a proposta nos termos antes transcritos.**-----

**8º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NOS CONSELLOS ESCOLARES MUNICIPAIS.** O **Sr. Secretario** dá lectura á seguinte proposta da **Alcaldía**:

"De conformidade co que establece o art. 38 c) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, do 28 de novembro de 1986, propoño o Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

**\* Nomear como representantes do Concello de Sanxenxo nos consellos escolares dos centros que a continuación se citan, os seguintes concelleiros:**

**Dª SANDRA FERNÁNDEZ AGRASO:**

- CEIP A FLORIDA.
- CEIP PLURILINGÜE CRUCEIRO-VILALONGA.
- CEIP PORTONOVO.
- IES VILALONGA.

**D. JESÚS JOAQUÍN SUEIRO MÉNDEZ:**

- CEIP DORRÓN.
- CEIP NANTES.
- CEIP NOALLA.
- IES SANXENXO."

A **Sra. Lago Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, sinalou que se ían abster e que esta proposta supoñía un cambio do criterio que tiñan na anterior corporación, cando pedían a participación da oposición, o que agora non se fai.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, sinalou que foi a concelleira interviniente a que cambiou de criterio, xa que anteriormente só había representantes do goberno nos consellos.

A **Sra. Lago Martínez** especificou que na anterior corporación se nomearon representantes de varios grupos políticos, entre eles do BNG, nos consellos escolares.

O **Sr. Otero Domínguez**, recordou que eran suplentes, que realizaron correctamente a súa función e despois o goberno municipal cambiou de criterio, non formando parte membros da oposición destes consellos.

O **Sr. Presidente** aclarou que foi honesto cando representou ao concello e recordou que teñen que adaptarse a normativa que impide ter suplentes, entendendo que debían formar parte dos consellos escolares os concelleiros que teñen mais relación polas súas delegacións.

Ao non producirse mais intervencións o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 9 votos** (**Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto**).

Votos en **contra: 0**

Votos pola **Abstención: 7 votos** (**Grupo Municipal do Partido Popular**).

En consecuencia o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, aprobou a proposta nos termos antes transcritos.**-----

#### **9º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DE MEMBROS DA MESA LOCAL DE COMERCIO. O Sr. Secretario dá lectura á seguinte proposta da Alcaldía:**

“Segundo a Lei do Comercio Interior de Galicia, procede designar aos representantes do concello na Mesa Local de Comercio do Concello de Sanxenxo. A estes efectos cómpre resaltar que o artigo 21 da devandita lei sinala que deberán formar parte da citada Mesa tantos representantes do concello como das diversas asociacións locais de comerciantes e de persoas consumidoras. Tendo en conta que formarán parte desta Mesa 4 membros das diversas asociacións e coa idea de incluír no organismo aos concelleiros/as delegados/as que máis relación poidan ter co sector, propoño ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

**\*\* Designar como representantes do Concello de Sanxenxo na Mesa Local de Comercio a D. GONZALO GONZALO PITA, D. DAVID OTERO DOMÍNGUEZ, D. JESÚS JOAQUÍN SUEIRO MÉNDEZ E D. MARCOS GUIASOLA PADÍN.**”

Ao non producirse intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, na que, **por unanimidade dos membros presentes do Pleno da Corporación, resultou aprobada nos termos antes transcritos.**-----

#### **10º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DA COMPETENCIA PLENARIA PARA AUTORIZACIÓNS DE CAMBIOS DE TITULARIDADE DAS CONCESIÓNS DEMANIAIS DOS POSTOS FIXOS DOS MERCADOS MUNICIPAIS DE ABASTOS. O Sr. Secretario dá lectura á seguinte proposta da Alcaldía:**

**“DELEGACIÓN NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DA COMPETENCIA PLENARIA PARA AUTORIZACIONES DE CAMBIOS DE TITULARIDADE DAS CONCESIÓNS DEMANIAIS DOS POSTOS FIXOS DOS MERCADOS MUNICIPAIS DE ABASTOS.**

Á busca da axilidade administrativa é un obxectivo fundamental de calquera administración pública interesada en prestar un servizo eficiente aos veciños, por tal motivo propoño ao concello pleno a adopción do seguinte acordo:



**-Delegar na Xunta de Goberno Local a competencia plenaria para autorización de cambios de titularidade das concesións demaniais dos postos fixos dos mercados municipais de abastos.”**

Ao non producirse intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, na que, **por unanimidade dos membros presentes do Pleno da Corporación, resultou aprobada nos termos antes transcritos.**-----

**11º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVAS E PARCIAIS A CARGOS DO CONCELLO, ASÍ COMO DE FIXACIÓN DE INDEMNIZACIÓN POR ASISTENCIA ÁS SESIÓN DE ÓRGANOS COLEXIADOS. O Sr. Secretario dá lectura á seguinte proposta da Alcaldía:**

“O artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril de bases de réxime local permite que os membros das corporacións locais poidan percibir retribucións tanto en réxime de dedicación exclusiva como de dedicación parcial, fixando un número máximo de concelleiros que poidan dispor de dedicación exclusiva, concretamente neste concello o número de 7, así como unha limitación económica do importe a percibir polos concelleiros que dispoñan de calquera deses dous réximes de retribucións.

Tendo en conta as limitacións sinaladas e a distribución de delegacións entre as diversas concellerías, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** fixar o seguinte réxime de dedicacións exclusivas e parciais para os cargos da corporación que tamén se mencionan:

<b>CARGO/CONCELLERÍA</b>	<b>TIPO DE DEDICACIÓN</b>	<b>RETRIBUCIÓN ANUAL</b>
Alcaldía	Dedicación parcial	38.500 € (a percibir en 14 pagas).
Concellería de xestión e planificación urbanística e infraestruturas.	Dedicación exclusiva	29.500 € (a percibir en 14 pagas).
Concellería de medio ambiente e contorno rural.	Dedicación exclusiva	29.500 € (a percibir en 14 pagas).
Concellería de benestar social, educación e normalización lingüística.	Dedicación exclusiva	29.500 € (a percibir en 14 pagas).
Concellería de desenvolvemento económico, emprego e facenda.	Dedicación exclusiva	29.500 € (a percibir en 14 pagas).
Concellería de turismo, comercio e deportes.	Dedicación parcial	21.600 € (a percibir en 12 pagas).
Concellería de persoal e seguridade cidadá	Dedicación parcial	21.600 € (a percibir en 12 pagas).
Concellería de cultura, festexos e xuventude.	Dedicación parcial	21.600 € (a percibir en 12 pagas).
Concellería de servizos, mantemento, patrimonio e participación cidadá.	Dedicación parcial	21.600 € (a percibir en 12 pagas).

As dedicacións parciais suporán un réxime de dedicación mínima de 20 horas semanais.

**SEGUNDO:** para a aplicación do réxime de dedicacións exclusivas ou parciais será necesaria a aceptación expresa do membro da corporación que desempeñe ese cargo, circunstancia da que se dará conta ao pleno na seguinte sesión ordinaria.

**TERCEIRO:** fixar a contía da indemnización por asistencia a sesións do Pleno, Xunta de Goberno Local e comisións informativas en 90,15 € por asistencia de cada concelleiro/a que non teña asignada unha dedicación exclusiva ou parcial.

**CUARTO:** as retribucións correspondentes ao punto primeiro deste acordo anualmente se incrementarán

ou diminuirán en función do disposto nos Orzamentos Xerais do Estado para o persoal ao servizo do sector público.

**QUINTO:** publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de edictos da casa consistorial.”

O **Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, manifestou que o **Sr. Alcalde** mente con respecto ao que dicía sobre este tema na campaña electoral, concretamente a redución dun 30% dos gastos de goberno. A continuación explicou que, na negociación dun posible pacto, propuxo unha baixada do 40% ata coñecer a situación económica municipal, para aprobar despois un presuposto coas dedicacións que correspondesen. Tamén aludiu a que, na realidade, a redución é dun 13%, nin a metade do que prometía o partido do **Sr. Alcalde** e por debaixo do 20% que anunciaban no pacto do actual goberno, polo que pide que se axusten a esta porcentaxe e non enganen os cidadáns.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, aclarou que a baixada individual de cada cargo con respecto á corporación anterior, oscilaba dun 20% a un 30 %, concretamente para a Alcaldía a redución era de 50.000 € a 38.500 €, para as dedicacións exclusivas de 39.000 € a 29.500 € e para as parciais de 27.000 € a 21.600 €, todas superiores ao 20 % pactado, deixando á parte a minoración de gastos polas cotizacións a seguridade social e que o **Sr. Martín González** ignoraba que na anterior corporación había unha concelleira que era deputada nacional e que polo tanto cobraba do Congreso.

O **Sr. Martín González**, indicou que a diminución total nos salarios do goberno municipal era de 36.100 €, ao pasar de 279.000 € a 242.900 €, o que supón un 13 %, sen ter en conta a seguridade social, posto que tampouco estaba no acordo anterior. O concelleiro en uso da palabra tamén considerou anormal que o Alcalde teña dedicación parcial, pedindo finalmente que se rectifique a proposta, tal e como dixo na súa intervención anterior.

O **Sr. Otero Domínguez**, destacou que a redución nas dedicacións exclusivas era dun 24% e que o **Sr. Alcalde**, a pesar de cobrar unha dedicación parcial, ía ter unha dedicación permanente ao concello, resultando curioso que as actuacións previstas polo **Sr. Martín González** respecto desta materia, se pospoñan a principios de ano, xusto despois da celebración das eleccións xerais, finalizando para dicir que esta era a maior rebaixa nos soldos non obrigada pola lei.

O **Sr. Presidente** precisou que na campaña electoral levaban unha rebaixa do 30 %, pero o goberno actual o compoñen nove persoas e cabe recordar que tanto o BNG como o PSOE non tiñan no programa redución do salario, polo que houbo que chegar a un acordo do 20%, o que lle pode extrañar ao voceiro do **Grupo Municipal do Partido Popular**, que tiña por costume decidir só. Continuou dicindo que el percibía unha dedicación parcial, pero o cargo de Alcalde o desempeñaba as 24 horas do día e que esta baixada tamén afectaba ao persoal de confianza, sendo a maior que se fixera nos últimos anos.

Ao non producirse mais intervencións o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 9 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 7 (Grupo Municipal do Partido Popular).**

Votos pola **Abstención: 0**

En consecuencia o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, aprobou a proposta nos termos antes transcritos.**-----

**12º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PERSOAL EVENTUAL. O Sr. Secretario dá lectura á seguinte proposta da Alcaldía:**

**“Postos de traballo de persoal eventual:**

Analizadas as necesidades do persoal eventual do concello, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

\*\* Fixar os seguintes postos de traballo de persoal eventual coas retribucións anuais que tamén se indican:

<b>POSTO DE TRABALLO</b>	<b>RETRIBUCIÓN ANUAL</b>
Responsable de información municipal	25.400 € (a percibir en 14 pagas)
Secretaría da alcaldía	21.600 € (a percibir en 12 pagas)

As retribucións anteriores modificaranse anualmente en función das premisas que se conteñan nos Orzamentos Xerais do Estado para o persoal ao servizo do sector público.

O nomeamento e cese das persoas que ocupan estes postos é libre e corresponde á alcaldía, debendo publicarse o seu nomeamento, co seu réxime retributivo, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da casa consistorial.”

O **Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, empezou manifestando que as persoas que traballaban fóra non debían cobrar do concello e destacou, respecto das retribucións deste punto, que o goberno seguía mentindo posto que a rebaixa era dun 7 %, non parecéndolle mal que gañen estas cantidades os traballadores que se nomeen, nin vai pedir que se rebaixen, pero o que non poden dicir e que se van baixar un 20%.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, despois de sinalar que no ano 2011 se fixaron dous postos de secretaría, á parte da xefatura de prensa, precisou que as retribucións eran de 31.800 €, para o posto do departamento de prensa e de 27.000 €, para o de secretaría, producíndose pob tanto unha rebaixa superior ao 20 % en ambos casos e indicándolle ao anterior interviniente que estaba equivocado e que, a pesar de ter o anterior Concelleiro de Facenda, non sabía como estaba o concello.

O **Sr. Martín González**, aclarou que se refería ao que percibían nos últimos meses, non sobre o anterior e que non quería que o goberno presuma con falsidades neste tema, posto que o certo é que agora van a cobrar nove persoas do concello, o Alcalde, catro concelleiros con dedicacións exclusivas e outros catro con parciais, despois de que se pasasen a anterior lexislatura machucando co que se cobraba no goberno municipal.

O **Sr. Otero Domínguez**, dixo que nesta lexislatura houbo dous concelleiros que son deputados no Congreso que non fixeron nada por Sanxenxo e repetiu os datos comparativos entre as retribucións desta corporación e da anterior, destacando que agora nove cobran menos que antes

oito e que esta era a primeira vez que por iniciativa propia se baixan os soldos.

O **Sr. Presidente** manifestou ao voceiro do **Grupo Municipal do Partido Popular** que non tiñan os datos adecuados e que ía haber un cambio de actitude para sacar adiante o concello de onde o deixaron.

Ao non producirse mais intervencións o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 9 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 7 (Grupo Municipal do Partido Popular).**

**Votos pola Abstención: 0**

En consecuencia o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, aprobou a proposta nos termos antes transcritos.**-----

**13ª) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA SOBRE ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO E A XUNTA DE GALICIA PARA IMPLANTACIÓN DUNHA REDE DE OFICINAS INTEGRADAS DE ATENCIÓN AO CIDADÁ NO ÁMBITO TERRITORIAL DE GALICIA.** O **Sr. Secretario** dá lectura á seguinte proposición da **Alcaldía**:

“O pasado día 24 de xuño tivo entrada no Concello de Sanxenxo un escrito da Dirección Xeral de Administración Local de Galicia, no que se remitía un convenio marco entre a Administración Xeral do Estado e a Xunta de Galicia para a implantación dunha rede de oficinas integradas de atención ao cidadá no ámbito territorial de Galicia.

Este convenio ben a substituír ao actualmente existente e que permite utilizar as oficinas do Concello de Sanxenxo para que os cidadáns poidan remitir os seus escritos, tanto a Administración Xeral do Estado como a da Xunta de Galicia, prestando un servizo de evidente interese para os veciños do concello e que é necesario seguir mantendo, o que non se produciría en caso de non manifestar a adhesión deste concello ao novo convenio antes de que expire o anterior, o día 4 de xullo de 2015.

Ademais o actual convenio amplía o seu ámbito de actuación aos demais concellos e deputación provinciais de Galicia que se adhiran ao mesmo, o que supón un beneficio a efectos de conseguir a tan ansiada axilidade administrativa, o que provoca, visto igualmente o informe de Secretaría, que dende esta alcaldía, tendo en conta a data de remisión do escrito de adhesión ao convenio e a data de finalización de vixencia do anterior, someta á consideración do pleno na primeira sesión que se celebre a seguinte proposta de adhesión ao convenio marco:

O pleno da corporación municipal do Concello de Sanxenxo solicita a **adhesión desta entidade local ao Convenio Marco** remitido por escrito da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia e rexistrado de entrada no Concello de Sanxenxo o 24 de xuño de 2015 co número 6.345, que se publicará no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia, e que se subscribirá entre a **Administración Xeral do Estado e a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para a implantación dunha rede de espazos comúns de atención ao cidadá no ámbito territorial de Galicia**, manifestando a vontade deste concello de adherirse expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio marco mencionado, asumindo as obrigas derivadas do mesmo e con suxeición a todas as súas cláusulas, facultando ao Sr. Alcalde-Presidente, D. Gonzalo Gonzalo Pita para a sinatura do

protocolo de adhesión e de cantos documentos fosen necesarios para a execución deste acordo.”

O **Sr. Presidente** aclarou que se trataba de ampliar o servizo de xanela única actualmente existente, para beneficio dos veciños.

Ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a **proposición a votación, na que, por unanimidade dos membros presentes do Pleno da Corporación, resultou aprobada nos termos antes transcritos.**-----

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, sendo as vinte e unha horas e corenta e tres minutos, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE:**